

1. —Boas tardes, Maruxiña,
hoxe véñote pedir,
pois tanto como che quero,
sin ti non poido vivir.
2. —Pois por moito que me queiras,
moito máis che eu quero a ti-e,
todo o día e toda a noite,
sempre estou pensando en ti-e.

—O teu amor, Maruxiña,
moito me fai padecer,
astra de noite na cama,
nunca poido adormecer.
3. —Dese mal tamén eu sufro,
meu amor, meu queridiño,
non poido prende-lo sono
pensando no teu cariño.

—Pois agora, miña nena,
tranquila podes estar,
porque si teus pais nos deixan,
logho nos vamos casar.
4. —Por meu pai non hai coidado,
pero a mala é miña nai,
que dixo que me mataba
antes de me deixar casar-e.
—Pois si túa nai non deixa
facemos desta maneira,
casamos coma os paxaros
por detrás dunha silveira.
5. —Miña nai xa vén aquí-e,
está metendo no ghado;
fálalle con moito xeito,
que ten un xenio moi malo.
—Boas tardes, miña sogra,
véñolle pedi-la filla,
si ma dá, séntome un pouco,
si non, marcho máis axiña.
6. —A miña filla, Farruco,
é moi nova pra casar-e,
solo ten cuarenta anos
e pódese destragar-e.
—Alabado sea Dios-e,
o que dixo miña sogra!
Que lle destragho a filla,
xa está sin dentes e sin moas.
7. —Pois a filla non cha dou-e,
non teño que che facer-e,
que ti es un folghazán-e
e non a podes manter-e.
—Xa sabe que son ghaiteiro,
teño un oficio moi bo,
ando de festa en festa
e ghano moito diñeiro.
8. —A túa ghata, Farruco,
ten a miña filla tola;
desde que fala contigo,
sempre pensando na voda.
—Pois pra poñela tranquila
debe de deixar casala,
e despois de casadiña,
ghaita non lle ha de faltar.
9. —Pois se es' é o que queredes,
casaraste, miña filla,
xa te encherás de Farruco
a mais da súa ghaitiña.—
Trataron o casamento,
arreglaron os papeles,
de alí a poucos días
casáronse moi contentos.
10. E salindo da igrexa
díxolle a pobre rapaza:
—Farruco, si non recelas,
hasme de ensaña-la ghaita.
—Muller, espera un pouco,
que a teño ghardada,
xa ma verás pola noite,
tocando na foliada.—
11. Aínda non cheghou a noite,
a moza non se olvidaba,
botoulle a vista ó punteiro
e dixo que lle ghustaba.
—Pois aghora, miña nena,
tranquila podes estar,
festa arriba e festa abaixo,
xa te encherás de beilar.
12. —O peor é a barrigha
se non hai con que a encher-e,
pero tocando na ghaita
nos podemos distraer-e.—
Aquí acaba o cortexo
deste famoso ghãiteiro,
para engaña-la rapaza,
tocoulle a ghaita pirmeiro.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades